

**Disposición derradeira segunda. Normativa aplicable.**

En todo o non previsto neste real decreto, será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.**

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de outubro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

**18264 REAL DECRETO 1261/2005, do 21 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de protección de obtencións vexetais. («BOE» 265, do 5-11-2005.)**

A Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais, estableceu, na disposición derradeira cuarta, un prazo de tres meses para a súa entrada en vigor e sinalou, na disposición derradeira terceira, que o Goberno, nun prazo máximo de seis meses desde a súa entrada en vigor, aprobaría o seu regulamento de desenvolvemento.

Porén, a posta en marcha da ponencia técnica da Comisión Bilateral entre a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias que reclamaba as competencias que a Sentenza do Tribunal Constitucional 103/1999, do 3 de xuño, lles recoñeceu ás comunidades autónomas, como consecuencia do recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno Vasco e o Parlamento de Cataluña á Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, fixo imposible o cumprimento do prazo fixado pola lei.

A actuación da citada comisión bilateral concluíu coa aprobación da Lei 3/2002, do 12 de marzo, que modifica a Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, no sentido de lles recoñecer competencias ás comunidades autónomas para a recepción e estudo formal das solicitudes e reservarlle ao Estado as competencias sobre o estudo de fondo e a tramitación e resolución dos procedementos. A exposición de motivos da citada Lei 3/2002, do 12 de marzo, sinala que a nova repartición competencial en materia de obtencións vexetais se acomoda á repartición de competencias que o Tribunal Constitucional estableceu na súa sentenza sobre marcas. En consecuencia, o regulamento que agora se aproba segue con fidelidade a técnica establecida pola Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, en relación coas cuestións competenciais, e acomoda os seus postulados á doutrina sentada pola sentenza antes citada.

Solucionada a cuestión competencial, procedeuse sen dilación á elaboración dunha norma que, neste caso, resulta de extraordinaria importancia, se se ten en conta que o regulamento que desenvolvía a anterior Lei 12/1975, do 12 de marzo, de protección de obtencións vexetais, publicado polo Real decreto 1674/1977, do 10 de xuño, e que a Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, mantiña en vigor, non respondía nin ao dereito material recollido na nova lei e que introduce os novos principios da acta de 1991, do Convenio internacional para a protección das obtencións vexetais, nin ao dereito formal que a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públi-

cas e do procedemento administrativo común, estableceu con carácter xeral para a tramitación e resolución dos procedementos.

A aprobación deste regulamento ten, ademais, consecuencias importantes en canto á precisión con que se regula a realización do exame técnico e todas as cuestións relativas aos ensaios de identificación, o establecemento dun procedemento claro de oposicións á concesión do dereito de obtentor, a delimitación do segredo de obtención e o acceso á información e unha regulación equilibrada da información que o obtentor, en relación coas súas variedades, ten dereito a recibir tanto dos titulares das licenzas como das autoridades que interveñen na súa fiscalización.

Convén por último destacar dúas cuestións importantes, a primeira relativa ás denominacións varietais, e a segunda, ao desenvolvemento do mandato contido nos artigos 94 a 107 do Regulamento (CE) n.º 2100/94 do Consello, do 27 de xullo de 1994, relativo á protección comunitaria das obtencións vexetais.

As denominacións varietais, polo menos no ámbito da Unión Europea, débense adaptar ás disposicións do Regulamento (CE) n.º 930/2000 da Comisión, do 4 de maio de 2000, polo que se establecen disposicións de aplicación referentes á adecuación das denominacións das variedades das especies de plantas agrícolas e especies hortícolas. Estas normas exhaustivas e obxectivas son de aplicación obrigatoria para as variedades que pretendan ser comercializadas no territorio da Unión, e aplícanse igualmente ás variedades para as que se solicite a súa protección na Unión Europea. Porén, os Estados membros tiveron que introducir nas súas lexislacións nacionais sobre protección de obtencións vexetais as ditas disposicións e impedir que unha variedade poida ter denominacións diferentes en función do Rexistro de variedades no cal se solicite. Estas disposicións de dereito comunitario europeo están, por diversos motivos, en constante adaptación e, por seguridade xurídica, optouse por remitirse a aquela e establecer neste regulamento unicamente normas de procedemento.

Polo que respecta ao mandato contido no Regulamento (CE) n.º 2100/94 do Consello, do 27 de xullo de 1994, que vén sinalar a obrigatoriedade de todos os Estados membros da Unión Europea de lles dar ás variedades con protección comunitaria o mesmo trato que ás variedades con protección nacional, no relativo ás medidas de policía administrativa e ás infraccións e sancións, o regulamento, ademais do establecido na disposición adicional segunda, dispón unha medida que garante ese trato unificador e fai extensiva a aplicación do artigo 19 do regulamento, relativo ao «Rexistro e eficacia da toma de razón das licenzas», ás variedades con protección comunitaria, cando algunha das operacións que requiren a autorización do obtentor se vaia realizar no territorio nacional.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de outubro de 2005,

**DISP O Ñ O :**

**Artigo único. Aprobación do Regulamento de protección de obtencións vexetais.**

Apróbase o Regulamento de protección de obtencións vexetais que desenvolve os preceptos da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións, de igual ou inferior rango, que se opoñan ao regulamento aprobado por este real decreto e, en particular, o Decreto 1674/1977, do 10 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre protección de obtencións vexetais.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.9.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación sobre propiedade industrial.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Habílase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar os anexos do regulamento aprobado por este real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de outubro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

## REGULAMENTO DE PROTECCIÓN DE OBTENCIÓNS VEXETAIS

### TÍTULO PRELIMINAR

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este regulamento ten por obxecto desenvolver a Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais.

2. Para o recoñecemento e protección do dereito de obtentor dunha variedade vexetal nova concederáse un título de obtención vexetal como dereito de propiedade especial, coa extensión e cos límites que se establecen na citada lei e neste regulamento.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Enténdese por variedade modificada xeneticamente ou transxénica aquela variedade que contén unha modificación xenética obtida mediante as técnicas descritas no artigo 3 do Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente, aprobado polo Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro.

2. Para os fins do disposto neste regulamento, considerárase que unha variedade é esencialmente derivada

doutra variedade protexida, denominada esta última variedade inicial, se se dan as seguintes tres condicións:

a) Deriva principalmente da variedade inicial, ou dunha variedade que, pola súa vez, deriva principalmente da variedade inicial, e conserva, ao mesmo tempo, as expresións dos caracteres esenciais que resulten do xenotipo ou da combinación de xenotipos da variedade inicial.

b) Distinguese claramente da variedade inicial.

c) Agás polo que respecta ás diferenzas resultantes da derivación, é conforme coa variedade inicial na expresión dos caracteres esenciais que resulten do xenotipo ou da combinación de xenotipos da variedade inicial.

3. Enténdese por material dunha variedade:

a) O material de reprodución ou de multiplicación vexetativa, en calquera forma.

b) O produto da colleita, incluídas as plantas enteiras e as partes de plantas.

c) Todo produto fabricado directamente a partir do produto da colleita.

4. Enténdese por exame técnico todos aqueles traballos de campo e laboratorio que teñen por obxecto comprobar a distinción, homoxeneidade e estabilidade do material da variedade solicitada, en comparación co resto de variedades da colección de referencia.

5. Enténdese por colección de referencia o conxunto de variedades que cumpra, polo menos, unha das seguintes catro condicións:

a) Que teñan concedido un título de obtención vexetal, nacional ou comunitario, ou dos respectivos rexistros de variedades protexidas dos Estados membros da Unión Europea ou dos Estados membros da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV).

b) Que se encontren incluídas nos catálogos comúns de variedades de especies de plantas agrícolas e de plantas hortícolas da Unión Europea.

c) Que se encontren inscritas na correspondente lista de variedades comerciais española ou nas listas nacionais dos Estados membros da Unión Europea.

d) Que sexan notoriamente coñecidas, ben por estar ou ter estado inscritas nunha lista de variedades comerciais ou protexidas das indicadas nos parágrafos anteriores, ben por se ter comprobado o seu uso tradicional ou ser suficientemente coñecido.

Os responsables da execución dos ensaios elixirán, seguindo criterios técnicos, as variedades da colección de referencia que farán de testemuñas nos campos de ensaios e respecto ás cales se realizará a análise comparativa para comprobar a distinción, homoxeneidade e estabilidade; esta considerárase realizada, salvo proba en contrario, sobre toda a colección de referencia.

### TÍTULO I

#### Delimitación e contido do dereito de obtentor

##### CAPÍTULO I

#### Condicións da variedade vexetal e dos solicitantes

Artigo 3. *Novidade.*

1. A variedade será considerada nova se se cumpren as condicións establecidas no artigo 6 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro.

2. O solicitante dun título de obtención vexetal deberá xuntar á súa solicitude unha declaración en que

faga constar que nunca se realizou unha venda ou entrega a terceiros de material da variedade con fins de explotación comercial ou, se é o caso, a data e o país en que se realizou a primeira venda ou entrega.

3. A exhibición da variedade nunha mostra oficial ou en exposicións internacionais non se considerará por si mesma perda da condición de novidade, conforme o previsto no artigo 10.3 do Regulamento (CE) n.º 2100/94 do Consello, do 27 de xullo de 1994, relativo á protección comunitaria das obtencións vexetais.

#### Artigo 4. *Homoxeneidade.*

1. Considerarase que unha variedade é suficientemente homoxénea cando teña un número aceptable de plantas atípicas toleradas en mostras de distintos tamaños, baseándose nunha poboación estándar e nunha probabilidade de aceptación fixada, tendo en conta as características particulares da súa reprodución.

2. Considerarase planta atípica aquela que se poida distinguir claramente da variedade, na expresión de calquera carácter, da totalidade ou dunha parte da planta, utilizada no exame de identificación.

3. Para o exame da homoxeneidade deberase ter en conta o seguinte:

a) Nas variedades de multiplicación vexetativa e nas variedades estritamente ou principalmente autógamias, a maioría dos seus caracteres observaranse visualmente ou mediante unha única medición, de tal forma que resulte evidente distinguir as plantas atípicas.

b) Nas variedades alogamas, incluídas as variedades sintéticas, nas cales non todas as plantas son parecidas e non é posible visualizar qué plantas se deberían considerar atípicas, a homoxeneidade, neste caso, poderase avaliar examinando a gama xeral da variación a través de plantas individualizadas, para poder determinar se resulta similar ás variedades da colección de referencia. En consecuencia, a homoxeneidade da variedade en estudo non deberá ser significativamente menor das variedades coas que se compara.

#### Artigo 5. *Estabilidade.*

1. Con carácter xeral considerarase que a variedade é estable cando o material subministrado polo obtentor posúa un elevado nivel de homoxeneidade.

2. En caso de dúbida procederáse á reprodución ou multiplicación do dito material para verificar se permanece conforme a súa descrición.

## CAPÍTULO II

### Alcance do dereito de obtentor

#### Artigo 6. *Efectos da protección.*

A concesión dun título de obtención vexetal ten como efecto conferirle ao seu beneficiario ou beneficiarios o dereito exclusivo de levar a cabo, respecto da variedade así protexida, as distintas actuacións que figuran nos artigos 12 e 13 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro.

#### Artigo 7. *Extensión do dereito de obtentor.*

1. Para delimitar a aplicación dos casos que requiren a autorización do obtentor, a que se refire o artigo 13 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, o obtentor que non puidese exercer razoablemente o seu dereito en relación coa produción do material de reprodución da súa variedade pro-

texida, ou co produto obtido da súa sementeira ou plantación, sen a súa autorización, poderá exercelo sobre os produtos fabricados con material obtido da súa variedade cando:

a) Poida demostrar con probas documentais, como facturas de compra ou venda, documentos relativos ao acondicionamento de gran ou outros, que o produto fabricado o é con material da súa variedade.

b) Poida demostrar mediante probas técnicas inequívocas que o produto fabricado o é con material da súa variedade.

2. Entenderase que existe utilización non autorizada polo obtentor cando o material da variedade non proceda de material de reprodución debidamente controlado polos servizos oficiais ou fose producido sen a licenza de explotación correspondente.

3. Entenderase que o obtentor non puido exercer razoablemente o seu dereito cando descoñecía as actuacións efectuadas co material de reprodución ou multiplicación da súa variedade respecto ao artigo 12.2 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro. Unha vez coñecidas as actuacións a que se refire o número anterior, para acollerse á extensión do dereito reflectida nos artigos 13.1 e 13.2 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, deberá ter realizado previamente as accións necesarias para exercer ese dereito na fase da multiplicación ou reprodución en que se producen estas actuacións sobre o seu material. Soamente no caso de demostrarse imposibles estas actuacións, poderá intentar exercer os ditos dereitos sobre o produto da colleita.

4. O feito de que o obtentor non exercese razoablemente o seu dereito non exime das responsabilidades a que houber lugar aos que iniciaron a produción ou a multiplicación de material da súa variedade sen a súa autorización.

#### Artigo 8. *Vulneración de dereitos en relación con variedades obxecto dun título de obtención vexetal da Unión Europea.*

1. As disposicións dos artigos 21 e 22 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, serán de aplicación ás variedades obxecto dun título de obtención vexetal na Oficina Europea de Variedades Vexetais, de conformidade co previsto nos artigos 94 a 107 do Regulamento (CE) n.º 2100/94 do Consello, do 27 de xullo de 1994, relativo á protección comunitaria das obtencións vexetais, sempre que resulten de aplicación polos tribunais da Unión Europea, únicos competentes en materia de protección comunitaria de obtencións vexetais.

2. As disposicións do título II da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, e do título III deste regulamento, relativo ás infraccións e sancións, serán de aplicación ás variedades obxecto dunha solicitude ou dun título de obtención vexetal na Oficina Europea de Variedades Vexetais, de conformidade co previsto nos artigos 94 a 107 do Regulamento (CE) n.º 2100/94 do Consello, do 27 de xullo de 1994, relativo á protección comunitaria das obtencións vexetais.

## CAPÍTULO III

### Excepción en beneficio do agricultor

#### Artigo 9. *Pequenos agricultores.*

Para os efectos do disposto no artigo 14.3.c) da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, son pequenos agricultores:

a) Cando se trate de especies forraxeiras, cereais, oleaxinosas e téxtiles a que fai referencia o anexo 1 da

Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, os agricultores que cultiven plantas nunha superficie non superior á que sería necesaria para producir 92 toneladas de cereais por colleita, independentemente da superficie en que cultiven outras plantas.

b) Cando se trate de patacas, os agricultores que cultiven patacas nunha superficie non superior á que sería necesaria para producir 185 toneladas de patacas por colleita, independentemente da superficie en que cultiven outras plantas.

c) Cando se trate das especies hortícolas ás cales fai referencia o anexo 1 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, os agricultores que cultiven superficies que respondan a criterios adecuados comparables cos dispostos nos parágrafos anteriores.

#### Artigo 10. *Nivel de remuneración.*

1. Para a fixación das remuneracións que os agricultores, que non teñan a condición de pequeno agricultor, lle deben pagar ao titular da obtención, serán norma de aplicación prioritaria os acordos ou convenios establecidos entre as partes, xa sexan aqueles particulares, sectoriais, por comunidades autónomas ou mediante calquera outra fórmula que permita fixalas.

2. Cando non houbese pacto ou acordo expreso entre as partes, o agricultor pagaralle ao obtentor unha remuneración equivalente ao 40 por cento do importe que se cobre pola produción baixo licenza de material de propagación da categoría máis baixa, da mesma variedade e na mesma zona.

3. Se non existise na zona produción baixo licenza da variedade protexida, tomarase como referencia outra variedade da mesma especie que sexa similar.

4. O importe da remuneración que se obteña de aplicar o previsto no número 2 reducirase novamente nun 50 por cento cando o agricultor que utilizou material vexetal da variedade protexida se dirixa ao obtentor, ben directamente, ben a través das súas cooperativas agrarias, para comunicarlle a cantidade de material de propagación utilizado, con obxecto de efectuar o pagamento polo uso da variedade, sempre que esa cantidade resulte efectivamente pagada.

### CAPÍTULO IV

#### Extinción do dereito de obtentor: procedementos

##### Artigo 11. *Renuncia do dereito.*

1. Para a renuncia prevista no artigo 28.b) da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, o titular do título de obtención vexetal poderá renunciar aos seus dereitos mediante a presentación, ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dun escrito no que de forma inequívoca se exprese a renuncia.

2. O escrito de renuncia, agás o previsto nos números seguintes, producirá efectos de forma inmediata, desde a data da súa presentación.

3. Cando existan licenzas contractuais en vigor, o titular do dereito de obtentor deberá presentar escrito dos titulares das licenzas nos cales se faga constar a renuncia aos dereitos derivados destas.

4. Non obstante o anterior, os escritos de renuncia poderanse substituír por unha comunicación enviada aos titulares das licenzas polo titular do dereito, cun ano de antelación, na que se lles indicará a intención de presentar a renuncia ao dereito de obtentor. A renuncia do titular do título de obtención vexetal non afectará as obrigas das

partes pendentes de liquidar, nin os procesos xudiciais relacionados coas licenzas de que se trate.

##### Artigo 12. *Falta de pagamento da taxa de mantemento.*

1. De conformidade co disposto no artigo 55 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, cando a taxa de mantemento do título de obtención vexetal non se pague no período voluntario, iniciarase un procedemento de extinción do título de obtención vexetal mediante un escrito dirixido ao titular do dereito.

2. No citado escrito advertiráselle que o título de obtención vexetal se extinguirá cando no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación a que fai referencia o punto anterior, non se acredite mediante a remisión dos documentos de ingreso que se efectuou o pagamento da débeda.

3. O pagamento da débeda que corresponda, unha vez que se produciuse a extinción do título conforme o disposto no punto anterior, non habilitará a súa vixencia e a variedade entrará no dominio público desde o momento en que se produciu a extinción do dereito.

##### Artigo 13. *Falta de denominación adecuada.*

1. Cando a denominación da variedade obxecto do título de obtención vexetal non poida ser mantida, por causas sobrevidas, conforme o disposto na Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, e neste regulamento, comunicaráse ao titular do dereito que ten un prazo de 10 días para propoñer unha nova denominación.

2. Transcorrido o prazo indicado sen efectuar a proposta, iniciarase o expediente de extinción do título de obtención vexetal e comunicaráse ao solicitante que, transcorridos tres meses sen efectuar a proposta, se producirá a caducidade do expediente.

##### Artigo 14. *Efectos da extinción.*

A extinción do dereito do obtentor por calquera causa comportará a cancelación da inscrición do título de obtención vexetal no Rexistro oficial de variedades protexidas e a entrada da variedade no dominio público, de acordo co previsto nos artigos anteriores e sen prexuízo das responsabilidades que puidesen derivar durante a súa vixencia.

##### Artigo 15. *Expediente de extinción.*

1. A extinción do dereito, por expiración do prazo ou renuncia do titular cando non haxa licenzas en vigor, será automática e non requirirá un procedemento de cancelación, e será necesario enviar á Comisión de protección de obtencións vexetais unha relación dos títulos extinguidos.

2. A extinción do dereito por falta de denominación adecuada, por falta do pagamento da taxa de mantemento ou por renuncia do titular cando haxa licenzas en vigor, requirirá un procedemento incoado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no cal se lles dará audiencia aos interesados e que, unha vez concluído, será remitido á Comisión de protección de obtencións vexetais, a cal propondrá, se é o caso, a extinción do dereito, con indicación da súa causa.

3. A existencia de licenzas obrigatorias por interese público non impedirá a renuncia do titular.

## TÍTULO II

## Licenzas de explotación

Artigo 16. *Presuncións legais.*

1. Conforme o disposto no último inciso do artigo 23.1 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, e en relación co contrato de licenza, presumirase, salvo pacto en contrario, o seguinte:

- a) Que é para todas as categorías de sementes ou plantas de viveiro, salvo para as que sexa preciso ser conservador da variedade.
- b) Que se concede para todo o territorio nacional.
- c) Que non é exclusiva.
- d) Que terá a mesma duración que o título de obtención vexetal.
- e) Que os titulares das licenzas non están autorizados a conceder sublicenzas.

2. Salvo que o titular do título de obtención vexetal reserve para si expresamente o dereito a explotar a variedade, cando se outorgue unha licenza exclusiva, entenderase que só o titular da licenza a pode explotar.

3. A licenza deberá especificar se o titular da licenza vai efectuar a conservación da variedade.

4. As licenzas de explotación de variedades protexidas referiranse unicamente ao material de reprodución e serán concedidas polo obtentor ao produtor do dito material.

Artigo 17. *Cotitularidade.*

1. Cando un título de obtención vexetal pertenza por igual a varias persoas, só conxuntamente poderán conceder unha licenza de explotación da variedade obxecto do título.

2. Cando o título de obtención vexetal pertenza a varias persoas en diferentes porcentaxes, por se ter así pactado ou convidado, para conceder unha licenza, será preciso que os cedentes sumen, polo menos, a metade máis un da porcentaxe total.

3. Os obtentores ou os seus habentes causa poderán delegar nun deles, mediante un documento escrito, a facultade para conceder licenzas e sublicenzas, en que farán constar as condicións nas cales esta facultade deberá ser exercida, sen prexuízo de que todos eles poidan outorgar estas mesmas facultades a unha persoa física ou xurídica que os represente.

4. Os documentos relacionados anteriormente deberán acompañar ás licenzas para a súa toma de razón no libro rexistro de licenzas.

Artigo 18. *Nulidade de cláusulas.*

1. Serán consideradas nulas as cláusulas dos contratos de licenza que impoñan ao concesionario limitacións que non deriven dos dereitos conferidos polo título de obtención vexetal.

2. Consideraranse, entre outros, que exceden dos dereitos inherentes ao título:

- a) As cláusulas que impoñan ao concesionario obrigas por un período de tempo superior ao da duración do título de obtención vexetal.
- b) As que limiten a facultade do titular da licenza de poder usar variedades protexidas como fonte inicial de variación na obtención de novas variedades.
- c) Calquera outra que vulnere os principios establecidos no Convenio internacional para a protección das

obtencións vexetais, na Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, ou neste regulamento.

Artigo 19. *Rexistro e eficacia da toma de razón das licenzas.*

1. Créase o libro rexistro de licenzas de explotación en que se tomará razón das licenzas contractuais, as licenzas obrigatorias e as licenzas obrigatorias por dependencia, e que se situará no órgano competente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. En cada asento farase constar:

- a) O nome do titular do título de obtención vexetal, do cedente e do concesionario ou licenciario.
- b) A especie, variedade e categoría ou categorías de sementes ou plantas obxecto da licenza.
- c) O ámbito, duración e condicións das licenzas.

3. Para garantir que as disposicións destinadas a sancionar as infraccións dos dereitos nacionais de propiedade correspondentes sexan aplicables igualmente e nas mesmas condicións ás infraccións da protección comunitaria de obtención vexetal, ás licenzas de explotación destas variedades aplicaráselles o disposto neste artigo, así como o disposto no artigo 56 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, sobre o pagamento das taxas correspondentes.

Artigo 20. *Información oficial.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comunicará puntualmente aos órganos competentes do Estado e das comunidades autónomas as licenzas rexistradas con indicación dos seguintes extremos:

- a) O nome do cedente e do concesionario.
- b) O ámbito e a duración.
- c) As categorías de sementes ou plantas obxecto do contrato.
- d) No caso de licenza exclusiva, se o cedente reserva para si o dereito a explotar a variedade.
- e) Se o licenciario é nomeado conservador da variedade.
- f) A cancelación, cando esta non se produza por mero transcurso do tempo.

2. Os servizos oficiais que interveñan no control e certificación de sementes e plantas de viveiro verificarán, cando o material obxecto de control e certificación pertenza a unha variedade protexida, a existencia de licenza de explotación rexistrada conforme o disposto no artigo anterior.

3. Os servizos oficiais que interveñan no control e certificación de sementes e plantas de viveiro subministrarán ao titular do título de obtención vexetal, a pedido deste, a información relativa á produción de material de reprodución ou multiplicación da súa variedade protexida nos seus respectivos territorios.

Artigo 21. *Tramitación das licenzas obrigatorias por interese público.*

1. A tramitación das licenzas obrigatorias por interese público iniciarase por acordo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en que deberán constar os feitos que a motivan.

2. O acordo de iniciación será remitido ao titular do dereito e ás persoas e sectores afectados para que, nun prazo máximo de 15 días, fagan as alegacións que coiden oportunas.

3. Realizado o estudo de todos os documentos achedados ao expediente, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación realizará unha proposta, da que se dará traslado aos interesados, na cal se motivará a tramitación ou paralización definitiva da licenza obrigatoria de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro.

**Artigo 22. Tramitación das licenzas obrigatorias por dependencia.**

1. As licenzas obrigatorias por dependencia deberán ser acordadas e tramitadas polos titulares dos dereitos respectivos, coa soa obriga de rexistralas no libro rexistro de licenzas.

2. Non obstante, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá participar como mediador por requirimento do titular da patente, e iniciar un procedemento que deberá concluír coa concesión ou denegación da licenza, da que se tomará razón, se é o caso, no libro rexistro de licenzas.

### TÍTULO III

#### Regras xerais sobre infraccións e sancións

**Artigo 23. Outras infraccións administrativas.**

1. Sen prexuízo do establecido no título II da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, ás variedades que sexan ou conteñan organismos modificados xeneticamente seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente.

2. Cando as variedades obxecto dun título de obtención vexetal se encontren inscritas nunha lista de variedades comerciais, de conformidade co Regulamento xeral do Rexistro de variedades comerciais, aprobado pola Orde do 30 de novembro de 1973, seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na súa lexislación específica.

**Artigo 24. Norma preferente.**

1. Cando unha mesma infracción administrativa na cal se aprecie identidade do suxeito, feito e fundamento, sexa sancionable de acordo con varios réximes previstos nas disposicións a que se refiren os artigos anteriores, aplicarase o réxime xurídico que resulte máis específico en relación coa infracción cometida.

2. Non obstante, para a determinación das sancións e da súa contía, será de aplicación o principio de proporcionalidade definido no artigo 131 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Artigo 25. Incoación de procedementos.**

A incoación dos procedementos pola comisión de infraccións tipificadas no título II da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, e na Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro, será efectuada de oficio pola autoridade que as coñece como consecuencia do exercicio das súas competencias, por propia iniciativa, por instancia doutros órganos públicos ou por denuncia dos particulares.

### TÍTULO IV

#### Organización administrativa

##### CAPÍTULO I

#### Rexistro oficial de variedades protexidas

**Artigo 26. Órgano competente.**

1. A tramitación e a resolución dos procedementos de inscrición de variedades no Rexistro oficial de variedades protexidas correspóndelle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, así como establecer as relacións coas autoridades competentes en materia de dereitos de obtentor doutros Estados, de organismos internacionais e da Unión Europea.

A xestión do Rexistro oficial de variedades protexidas correspóndelle á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Correspóndelle á comunidade autónoma onde teña o domicilio o solicitante do título de obtención vexetal a recepción das solicitudes e a apreciación do cumprimento ou falta de cumprimento dos seus requisitos formais.

3. Non obstante, correspóndelle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a recepción das solicitudes e a apreciación do cumprimento ou falta de cumprimento dos seus requisitos formais cando os solicitantes non estean domiciliados en España ou cando aquelas se presenten a través dun establecemento comercial, industrial ou de investigación que non tivese carácter territorial.

4. Correspóndelle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e ás comunidades autónomas o exercicio da potestade sancionadora, de acordo coas súas respectivas competencias.

**Artigo 27. Libro rexistro de títulos de obtención vexetal.**

1. A concesión dun título de obtención vexetal dará lugar á inmediata inscrición da variedade no Rexistro oficial de variedades protexidas e a súa anotación, ordenada segundo a data en que foi concedido, no libro rexistro de títulos de obtención vexetal.

2. O asento de inscrición constará da seguinte información:

- a) Especie e denominación da variedade.
- b) Obtentor e solicitante do dereito, se é distinto do obtentor.
- c) Data de concesión, número de título e número de rexistro da variedade.
- d) Data de terminación do prazo de protección.
- e) Data da cancelación por renuncia ou pola extinción do dereito ou por calquera outra causa.

**Artigo 28. Anotación de título de protección europeo.**

1. Cando á variedade obxecto do título nacional lle sexa concedido con posterioridade un título comunitario de obtención vexetal, deberá anotarse a data de concesión do título comunitario e de suspensión do título nacional.

2. Calquera circunstancia que modifique a situación anterior deberá quedar reflectida na inscrición relativa ao título de que se trate, de forma que en calquera momento se coñeza con claridade a situación da variedade en relación con ambos os títulos.

**Artigo 29. Anotacións contractuais e xudiciais.**

1. Así mesmo, anotaranse as transmisións sucesivas do título, con anotación do habente-*causa* e a data do contrato, da que se deberá presentar unha copia simple notarial ou outro documento fidedigno.

2. O libro rexistro de licenzas de explotación de variedades terá a consideración de libro auxiliar dependente do libro rexistro de títulos de obtención vexetal.

3. Tamén se anotarán no libro rexistro de títulos de obtención vexetal as resolucións xudiciais relativas ao dominio do título e calquera outra que afecte o titular ou o dereito.

**CAPÍTULO II****Comisión de protección de obtencións vexetais****Artigo 30. Órgano colexiado.**

1. A Comisión de protección de obtencións vexetais ten como función principal a de asistencia e asesoramento ao ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación en materia de protección de obtencións vexetais. Está adscrita á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. A citada comisión é un órgano colexiado de carácter consultivo, cuxos ditames son preceptivos para a concesión ou a denegación dun título de obtención vexetal.

3. A elección dos membros da comisión, que non terá carácter representativo dos distintos sectores afectados, estará baseada no principio de especialización.

4. Sen prexuízo das particularidades previstas neste real decreto, o réxime xurídico e de actuación da Comisión de protección de obtencións vexetais axustarase ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

**Artigo 31. Composición da Comisión de protección de obtencións vexetais.**

1. A Comisión estará integrada por:

- a) Presidente: o director xeral de Agricultura.
- b) Vicepresidente: o director da Oficina Española de Variedades Vexetais.
- c) Secretario: o xefe do Servizo de Rexistro de Variedades da Oficina Española de Variedades Vexetais, que terá voz e voto.

2. A Comisión está integrada tamén polos seguintes vogais:

a) O xefe da Avogacía do Estado do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou avogado do Estado do departamento en que delegue.

b) O xefe da Área de Rexistro de Variedades da Oficina Española de Variedades Vexetais.

c) Os seguintes expertos nomeados, por cada ano natural, polo director xeral de Agricultura, por proposta do director da Oficina Española de Variedades vexetais:

1.º Tres expertos en avaliación e caracterización varietal.

2.º Tres expertos en xenética vexetal.

3.º Un experto en botánica ou fisioloxía vexetal.

4.º Un experto en bioloxía molecular.

5.º Un experto en sementes de cultivos herbáceos extensivos.

6.º Un experto en sementes de cultivos herbáceos intensivos.

7.º Un experto en plantas de viveiro, froiteiras e cultivos leñosos.

8.º Un experto en plantas ornamentais.

9.º Un experto en conservación de recursos fitoxenéticos.

10.º Un experto en patentes.

11.º Dous expertos en materia xurídica relacionada coa protección das obtencións vexetais e outros dereitos de propiedade industrial.

12.º Un experto en denominacións de orixe.

Os expertos designados son inamovibles durante o período do seu nomeamento.

3. Así mesmo, asistirán ás reunións da Comisión os invitados que propoña o presidente, que terán voz pero non voto.

4. A cada reunión serán convocados os expertos que teñan relación coas especies a que pertencen os expedientes obxecto de estudo.

**Artigo 32. Funcións da Comisión.**

1. A Comisión de protección de obtencións vexetais exercerá as funcións que lle encomenda o artigo 34 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, así como as seguintes:

a) Propoñerlle ao ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación a extinción dos títulos de obtención vexetal, nos casos previstos neste regulamento.

b) Acordar a continuación do exame técnico cando dos datos dispoñibles ao finalizar os ensaios preceptivos non sexa posible tomar unha decisión sobre a concesión ou denegación do dereito.

c) Aprobar, se é o caso, os protocolos cos caracteres que se vaian estudar, os niveis de expresión, os baremos e cantas decisións se deban adoptar para garantir o principio de igualdade e a homoxeneidade nas decisións, tendo en conta as recomendacións dos comités técnicos da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais, o estado da técnica e os informes do órgano competente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. As propostas a que se refire o punto anterior estarán baseadas nos seguintes informes e documentos:

a) Nos datos achegados polos expertos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

b) Nos datos achegados por outros organismos públicos ou privados que participasen na realización dos ensaios de identificación.

c) Nos documentos achegados no expediente e naqueloutros que puidesen achegar as autoridades dos Estados membros da Unión Europea ou da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais que ensaiasen a variedade.

3. A Comisión de protección de obtencións vexetais asumirá as demais funcións que lle encomenda este regulamento e aqueloutras que deriven doutras normas nacionais ou comunitarias relativas aos dereitos de obtentor.

**Artigo 33. Acceso dos membros da Comisión ao segredo da obtención.**

1. Só os membros da Comisión que por razón das súas funcións oficiais deban coñecer os datos, documentos e actos declarados secretos polo instrutor do procedemento terán acceso a eles e terán a obriga de manter a súa confidencialidade.

2. Non obstante, o instrutor do procedemento proporcionarlle á Comisión a información precisa que se coide conveniente para a resolución dos procedementos, salvagardando en todo caso o segredo da obtención.

**Artigo 34. Convocatoria e orde do día das reunións.**

1. O presidente convocará por escrito, polo menos con 15 días de antelación á celebración dunha reunión, a Comisión, polo menos unha vez ao ano, sen prexuízo da súa facultade para convocala cando o coide conveniente ou cando llo solicite motivadamente un terzo dos seus membros.

2. Os participantes das reunións da Comisión deberán gardar o debido sigilo das súas deliberacións.

**Artigo 35. Validez da constitución da Comisión e eficacia dos seus acordos.**

1. A Comisión de protección de obtencións vexetais entenderase validamente constituída, en primeira convocatoria, cando asistan a metade máis un dos seus membros convocados, entre os que se deberán encontrar o presidente ou o vicepresidente e o secretario.

2. En segunda convocatoria, a citada comisión quedará validamente constituída calquera que sexa o número de membros presentes, sempre que entre eles se encontre o presidente ou o vicepresidente e o secretario, co obxecto do estrito cumprimento dos prazos do procedemento de concesión do dereito de obtentor e a defensa dos intereses dos solicitantes.

**Artigo 36. Adopción de acordos e aprobación de actas.**

1. Os acordos tomaranse por maioría simple, decidindo en caso de empate o voto de calidade do presidente ou do vicepresidente, se é o caso.

2. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión ordinaria, ben que as propostas de resolución deberán figurar nun documento aprobado na mesma sesión pola Comisión e que, posteriormente, se unirá á acta definitiva, na cal constarán, se os houber, os votos particulares.

**TÍTULO V****Procedemento de inscrición****CAPÍTULO I****Solicitudes****Artigo 37. Iniciación do procedemento.**

1. O procedemento para a concesión dun título de obtención vexetal iniciárase sempre por solicitude de persoa interesada.

2. O solicitante do dereito só poderá ser o obtentor ou o seu habente causa, que poderán actuar por si mesmos ou por medio de representantes debidamente acreditados.

**Artigo 38. Solicitude.**

1. A solicitude dirixida ao ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderase presentar en calquera dos rexistros ou oficinas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e deberá conter, como mínimo, os seguintes datos:

a) Nome, apelidos e domicilio e número de identificación fiscal do solicitante e, se é o caso, do seu representante.

b) Nome, apelidos e domicilio do obtentor, en caso de non coincidir co solicitante.

c) Xénero e especie a que pertence a variedade.

d) Denominación proposta con indicación de se se trata dunha denominación de fantasía ou en forma de código e/ou, se é o caso, a referencia do obtentor.

e) Nacionalidade do solicitante e, se é o caso, do obtentor.

f) Se se trata dunha variedade que é ou contén un organismo modificado xeneticamente.

g) Se a variedade se encontra solicitada ou inscrita nalgún país da Unión Europea ou da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais, ou noutro país que conceda títulos equivalentes, como variedade protexida ou comercial, con indicación da súa denominación.

h) Cuestionario técnico, así como o procedemento de acordo co cal a variedade foi obtida ou descuberta e desenvolvida e a súa xenealoxía.

i) Declaración formal do solicitante relativa á novidade conforme o previsto no artigo 3.2.

2. Para os efectos do artigo 42.3.b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, só se considerará iniciado o procedemento cando a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa recepción, conforme o previsto no artigo 26.

3. As comunidades autónomas que reciban as solicitudes remitiranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dentro dos cinco días seguintes ao da súa recepción, unha copia dos documentos recibidos que integran a solicitude admitida a trámite.

**Artigo 39. Recoñecemento do segredo de obtención.**

1. O solicitante deberá indicar no escrito de solicitude os actos, datos e documentos que ao seu criterio se deben manter confidenciais. Non obstante, a fórmula concreta da variedade terá sempre a consideración de segredo de obtención.

2. O órgano competente para a instrución e resolución do procedemento, unha vez estudados os requisitos materiais da solicitude, sinalará definitivamente os actos, datos e documentos que se deben considerar segredo de obtención.

3. Cando nun procedemento se presenten oposicións, o segredo de obtención seguirá as regras sinaladas no capítulo IV deste título.

**Artigo 40. Reivindicación do dereito de prioridade.**

Cando se reivindique o dereito de prioridade dunha solicitude anterior, deberán engadirse ás especificacións a que se refire o artigo anterior:

a) A data de presentación da solicitude anterior en virtude da cal se reivindica o dereito de prioridade e país de recepción.

b) A denominación baixo a cal a variedade foi solicitada ou rexistrada.

**Artigo 41. Documentos que se deben xuntar á solicitude.**

1. En relación cos aspectos formais a solicitude de inscrición deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

a) O documento fidedigno que acredite, se é o caso, o título de sucesión.

b) A autorización do obtentor cando para a produción comercial de plantas ou material de propagación da variedade obxecto de protección sexa necesaria a utilización repetida ou sistemática de plantas enteiras ou partes de plantas correspondentes a outra variedade protexida.



c) Cando se actúe por medio de representante, o documento fidedigno que o acredite como tal; deberanse achegar os datos precisos, para os efectos de notificación e liquidación de taxas, cando os solicitantes sexan estranxeiros sen domicilio habitual ou sucursal no territorio nacional.

2. En relación cos aspectos materiais a solicitude de inscrición deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

a) Unha declaración formal na cal o solicitante especifique que a variedade para a que se solicita a protección é distinta, homoxénea e estable e que non foi explotada con autorización do obtentor de conformidade co disposto neste regulamento.

b) Se a variedade foi explotada, un documento en que conste a primeira data da explotación, as entregas realizadas para experimentación e os concursos en que se presentou.

c) Un cuestionario técnico cos datos relativos á variedade solicitada, de acordo coa especie ou grupos de especie de que se trate.

d) Se se reivindica a prioridade, un documento que conteña os datos que este regulamento exige para a súa aceptación.

e) O informe preceptivo emitido pola Oficina Española de Patentes e Marcas sobre a denominación da variedade, aínda que este documento se poderá presentar durante a tramitación do procedemento.

#### Artigo 42. *Varietades modificadas xeneticamente.*

No caso de variedades modificadas xeneticamente, ademais dos datos e documentos exixidos con carácter xeral, deberán xuntarse os seguintes:

a) Unha declaración de que a variedade contén un organismo modificado xeneticamente, segundo o establecido na Lei 9/2003, do 25 de abril.

b) A información relativa á modificación xenética, así como a relativa á planta modificada xeneticamente e de todas as precaucións que o solicitante propuxo adoptar, así como a información suficiente para que se poida comprobar por medios analíticos a modificación xenética.

c) A información da situación administrativa dos permisos de liberación voluntaria e comercialización do organismo modificado xeneticamente.

#### Artigo 43. *Precedencia dunha solicitude.*

1. A precedencia dunha solicitude virá determinada pola data, hora e minuto na que foi recibida e que deberá constar expresamente. Cando nunha solicitude non conste a hora ou o minuto, asignaráselle a última hora ou minuto do día, segundo os casos.

2. A data de recepción a que se refire o número anterior débese entender como a de entrada en calquera dos órganos en que se pode presentar a solicitude, de conformidade co previsto neste regulamento.

#### Artigo 44. *Publicidade das solicitudes.*

1. En cumprimento das recomendacións da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicará periodicamente un boletín oficial de variedades protexidas.

2. A periodicidade da publicación poderá variar en función do volume da información publicada e doutras circunstancias relacionadas coas necesidades do servizo.

3. Nos boletíns publicaranse os datos relativos ás solicitudes que pasasen con éxito o exame formal e cuxos expedientes fosen remitidos ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

#### Artigo 45. *Estrutura e contido do boletín.*

1. No capítulo primeiro publicaranse as solicitudes, con expresión do número de rexistro do expediente, data de solicitude, especie, denominación da variedade ou referencia do obtentor, solicitante, obtentor e representante.

2. No capítulo segundo publicaranse as denominacións propostas, os cambios de denominación e as denominacións aprobadas, con expresión do número de rexistro do expediente, data de solicitude, denominación anterior, obtentor e solicitante.

3. No capítulo terceiro publicaranse as solicitudes retiradas polo solicitante e as canceladas por falta de actividade do solicitante na tramitación do procedemento, con expresión do número de rexistro do expediente, a data, a especie e a denominación da variedade.

4. No capítulo cuarto, subdividido en dúas partes, publicaranse os títulos de obtención vexetal concedidos e os denegados con expresión do número de rexistro do expediente, a data de concesión, o número de título, a especie, a denominación da variedade, o obtentor e o titular do dereito.

5. Seguindo a estrutura establecida nos números anteriores, poderanse engadir outros capítulos para publicar os cambios de titularidade, as extincións de títulos por calquera causa, as licenzas de explotación e canta información se considere de interese.

#### Artigo 46. *Dereito de prioridade.*

A prioridade reconecida conforme o previsto no artigo 38 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, significará que, cando a Comisión de protección de obtencións vexetais vaia estudar a inscrición de variedades, no caso de conflito entre solicitudes cuxo exame técnico poña de manifesto que non se distinguen, ten prioridade para ser inscrita a solicitude que:

a) Reivindicase a prioridade dunha solicitude anterior presentada noutro Estado membro da UPOV.

b) Se son varias as solicitudes que reivindican a prioridade, a que resulte máis antiga.

## CAPÍTULO II

### Tramitación das solicitudes

#### Artigo 47. *Exame de forma.*

1. O órgano competente para recibir a solicitude comprobará que contén os datos e documentos sinalados no artigo 41.1.

2. Así mesmo, comprobará que a solicitude vén acompañada do formulario técnico oficial para a especie de que se trate, sempre que non se trate da primeira solicitude dunha especie, e da denominación ou referencia do obtentor.

3. Se como consecuencia destas comprobacións se apreciase algunha deficiencia, requirirase o solicitante para que nos prazos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos para cada caso, e será apercibido de que, de non facelo, será tido por desistido da súa

petición, logo de resolución ditada para o efecto polo órgano competente.

4. A comunicación a que fai referencia o número anterior, emitida de conformidade co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, fará constar:

- a) O prazo máximo para a resolución e notificación do procedemento e a suspensión do procedemento durante a realización do exame técnico.
- b) A data de iniciación do procedemento.
- c) O sentido desestimatorio do silencio administrativo.
- d) O número de expediente, que terá carácter provisional.

#### Artigo 48. *Remisión da solicitude.*

1. As comunidades autónomas remitiranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, con todo o actuado, as solicitudes que superasen o exame de forma ou as que emendasen os defectos imputados, antes da data límite de entrega de material, para que as variedades solicitadas poidan ser incluídas nos ensaios correspondentes.

2. As solicitudes que se tivesen por desistidas serán notificadas ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación unha vez que a resolución sexa firme, con indicación da súa data de adopción. Se a resolución fose impugnada, tamén se notificará esta circunstancia.

#### Artigo 49. *Novas especies.*

Cando se presente a rexistro a primeira solicitude dunha especie, a Administración disporá dun prazo non superior a seis meses para establecer o cuestionario técnico, as condicións e localización dos ensaios, o material necesario, os caracteres que se van tomar e cantas actuacións sexan necesarias para poder determinar se a variedade cumpre as condicións relativas á distinción, homoxeneidade e estabilidade a que se refire o artigo 5 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro.

#### Artigo 50. *Exame de fondo.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación examinará a documentación adxunta á solicitude para comprobar os requisitos materiais e realizar un exame xeral de licitude dos aspectos a que se refiren os artigos 39, 40, 41.2 e 42.

2. Así mesmo, comprobará:

- a) Se a solicitude se pode acoller ao dereito de obtentor de acordo co disposto na definición de variedade e obtentor.
- b) Se do formulario técnico e os datos técnicos achegados polo solicitante se obtén a información necesaria para a realización do exame técnico.
- c) Se a denominación é adecuada, conforme o previsto no título VI.

3. Os interesados disporán dun prazo de 30 días para a achega dos documentos preceptivos ou medios de proba, non achegados ao expediente, e que sexan necesarios para as comprobacións a que se refire o número anterior.

4. O instrutor do procedemento, no prazo de 10 días, contados a partir do seguinte ao da recepción da solicitude, remitiralle ao solicitante unha copia selada da súa solicitude, en que constará:

- a) O número do expediente ou número de rexistro.
- b) A data de recepción da solicitude.
- c) A data de entrega do material vexetal e se se inclúe nos ensaios desta campaña.

d) O documento de ingreso da taxa de tramitación e resolución, que se fará efectiva nos 10 días seguintes, coa obriga de remitir unha copia do ingreso.

5. Ademais das comprobacións descritas nos números anteriores, procederase á realización do exame técnico de conformidade co disposto nos artigos seguintes e nos anexos.

#### Artigo 51. *Acumulación de expedientes.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá acordar a acumulación de expedientes cando unha variedade se encontre solicitada, ao mesmo tempo, nos rexistros de variedades protexidas e comerciais, e informará desta circunstancia o solicitante.

2. Contra este acordo non procederá ningún recurso, aínda que o solicitante poderá alegar cantas circunstancias coide que se opoñen ao acordo de acumulación. O instrutor do procedemento poderá revogar a súa decisión ou confirmala.

3. Os expedientes acumulados rexeranse polas normas establecidas neste regulamento e supletoriamente polas contidas no Regulamento xeral do rexistro de variedades comerciais.

### CAPÍTULO III

#### Exame técnico

#### Artigo 52. *Exame técnico.*

1. Unha vez realizado con resultado positivo o exame da solicitude e os actos de instrución, a variedade será sometida a un exame técnico que consistirá nun ensaio de identificación para comprobar que o material da variedade obxecto da solicitude resulta distinto, homoxéneo e estable.

2. Sen prexuízo do disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, en relación coa data de iniciación do procedemento e prelación de solicitudes, as variedades cuxo exame técnico non se poida efectuar por causas imputables ao solicitante, sempre que non proceda o arquivo do expediente, entenderanse presentadas, para os efectos do estudo da distinción con outras variedades, na campaña en que efectivamente resulten ensaiadas.

3. Así mesmo, cando se dean as circunstancias a que se refire o número anterior, non se poderá reivindicar o dereito de prioridade.

4. Para proceder a realizar os ensaios de identificación, deberá terse efectuado o pagamento das taxas relativas aos ditos ensaios, tendo en conta que:

a) O primeiro ano, o pagamento deberase realizar antes da data límite de entrega do material conforme o disposto neste regulamento e os seus anexos, e será obrigatorio o envío dunha copia do ingreso ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

b) O segundo ano e os sucesivos, se os houber, o pagamento da taxa deberá realizarse no período voluntario que comeza a contar no momento da notificación do lanzamento da taxa.

#### Artigo 53. *Material necesario para o exame técnico.*

1. As características e calidade do material vexetal, así como as cantidades necesarias para a realización do exame técnico, as datas e o lugar de presentación, serán as establecidas nos anexos deste regulamento, segundo a especie de que se trate.

2. Para as especies que non se encontran nos casos anteriores, o material vexetal e os datos a que se refire o número anterior comunicaránelles aos solicitantes nun

prazo non superior a 10 días, contados desde o día seguinte á conclusión do prazo de seis meses a que se refire o artigo 49, tendo en conta que:

a) Se utilizará, nos ensaios de identificación das variedades destas especies, o protocolo relativo aos caracteres e ás condicións de cultivo que aprobe a Comisión de protección de obtencións vexetais, tendo en conta os estudos dos comités de expertos da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais, a Unión Europea e outros organismos, nacionais ou internacionais, que sexan expertos na materia.

b) Cando a Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais fixe nestas especies o correspondente protocolo para determinar o carácter da distinción, a homoxeneidade e a estabilidade, pasará a rexerse polas súas regras, e non se aplicará para elas o establecido nos puntos seguintes no que se opoña ao seu contido, nin as normas establecidas neste regulamento relativas á duración dos ensaios ou aquelas outras que resulten modificadas por aquel.

3. En todo caso e no non previsto polos anexos I e II, así como para as especies a que fai referencia o número anterior, o material vexetal deberá cumprir as seguintes especificacións:

a) O material terá, polo menos no que se refire a xerminación, pureza específica, humidade e sanidade, requisitos equivalentes ao material certificado e, se é o caso, deberá cumprir as condicións establecidas no Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, sobre medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Unión Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

b) O material destinado aos ensaios de identificación non deberá ter sufrido ningún tratamento e enviarase só o primeiro ano, salvo que na comunicación citada anteriormente dispoña outra cosa.

4. A non entrega do material vexetal nas cantidades e prazos sinalados, sen ningunha xustificación polo solicitante, motivará a iniciación do prazo de caducidade do procedemento, que se lle comunicará ao interesado, transcorrido o cal sen que se enviase o material, se procederá ao arquivo das solicitudes.

5. Cando a xustificación a que se refire o punto anterior se produza, e o instrutor a coide suficiente, continuará a tramitación do procedemento aínda no caso de imposibilidade material de efectuar o ensaio na campaña correspondente, incluíndose na seguinte.

6. Será obrigatoria a entrega do material correspondente aos compoñentes hereditarios cando se trate de variedades híbridas ou sintéticas, sempre que este material non se ensaiase con anterioridade no Rexistro oficial de variedades protexidas ou no Rexistro de variedades comerciais; o solicitante indicará para cada compoñente se se trata de obtención propia, protexida por un título de obtención vexetal, ou pertence ao dominio público.

#### Artigo 54. *Ensaos de identificación.*

1. Os caracteres observados durante a realización dos ensaios serán os establecidos nos anexos I, II e III ou, se é o caso, os establecidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e aprobados pola Comisión de protección de obtencións vexetais, conforme o previsto no artigo anterior.

2. Os protocolos de realización, metodoloxía de traballo, niveis de expresión, baremos, elección das testemuñas e duración dos ensaios serán os establecidos nos anexos I, II e III ou os sinalados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación conforme o previsto no punto anterior.

3. Os ensaios de identificación de variedades sintéticas e híbridos realizaranse:

a) Sobre sementeiras efectuadas con semente híbrida de primeira xeración comercial.

b) Sobre sementeiras realizadas cos seus compoñentes xenealóxicos.

4. Cando os resultados obtidos nos ensaios de identificación do primeiro ciclo vexetativo mostrasen graves deficiencias no material da variedade, poderase propoñer, conforme o sistema establecido na lei e neste regulamento, a non continuación dos ensaios, o que motivará a resolución desestimatoria do procedemento.

#### Artigo 55. *Realización do ensaio de identificación.*

1. Os ensaios de identificación terán a duración que establezan os protocolos para as probas sobre o carácter distintivo, a uniformidade e a estabilidade que para cada especie publique a Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais e, no seu defecto, unha duración mínima de dous anos ou, se é o caso, de dous ciclos vexetativos, ou de dúas frutificacións nas especies leñosas, salvo o disposto no número 4 do artigo anterior ou o establecido nos números 4 e 5 deste artigo.

2. Excepcionalmente, nas especies leñosas, sempre que se acredite a orixe do material, as observacións poderanse realizar en árbores adultas existentes en plantacións establecidas no territorio nacional.

3. Cando a Comisión de protección de obtencións vexetais o estableza para a especie de que se trate, poderase validar o primeiro ano de ensaio oficial polos ensaios efectuados polo obtentor no territorio nacional, sempre que:

a) Se comunicasen con antelación ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os ensaios que se van realizar, para que os técnicos na especie de que se trate poidan comprobar a idoneidade do ensaio.

b) Se realice o ensaio seguindo o correspondente protocolo, ben da Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais, ben o aprobado pola Comisión de protección de obtencións vexetais, seguindo as recomendacións de UPOV, relativo aos caracteres que se van estudar, niveis de expresión, testemuñas e metodoloxía de traballo.

c) Os resultados do ensaio oficial se correspondan coa descrición presentada.

4. Sempre que os protocolos citados no artigo anterior non dispoñan outra cosa, non será necesario un segundo ano ou ciclo de cultivo cando os resultados do primeiro ano ou ciclo mostren diferenzas claras coas variedades da colección de referencia, e debido á escasa influencia do contorno, sexa previsible que estas diferenzas non se van ver alteradas, sempre que tal posibilidade estea admitida pola Comisión de protección de obtencións vexetais para a especie de que se trate.

5. Nos casos en que se determine, oída a Comisión de protección de obtencións vexetais, e sempre que se sigan os protocolos a que se refire o número 3, segundo a especie de que se trate, poderanse utilizar os resultados doutros ensaios de identificación cando:

a) Se realízen noutro país co que España manteña acordos nesta materia.

b) As realízen en España institucións públicas ou privadas con experiencia no ensaio de variedades.

c) As realízen o obtentor seguindo métodos de ensaio que se poden recoñecer como acordos co estado da técnica.

**Artigo 56. *Ensaio de variedades modificadas xeneticamente.***

Os ensaios de identificación, que se realizarán baixo a responsabilidade do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, serán efectuados ben directamente por este, ben mediante acordos coas comunidades autónomas ou con outros entes públicos ou privados que desenvolvan tarefas similares, sempre que se poidan cumprir as condicións establecidas polo órgano competente na autorización de liberación voluntaria ou de comercialización do organismo modificado xeneticamente, así como as medidas complementarias ambientais ditas por el.

Cando as condicións a que se refire o parágrafo anterior non se poidan levar a cabo nos campos de ensaio da autoridade encargada de realizar o exame técnico, este realizarase, cumprindo as ditas condicións, no lugar que sinala o solicitante, pola súa conta, baixo control oficial en todas as súas fases. A toma de datos durante o cultivo, relativos á distinción, homoxeneidade e estabilidade, será realizada polo persoal técnico dependente da autoridade encargada do ensaio a que se refire o parágrafo anterior.

**Artigo 57. *Validación de ensaios.***

Os ensaios de identificación efectuados no Rexistro de variedades comerciais serán considerados válidos para o Rexistro oficial de variedades protexidas, e as mostras oficiais da variedade que achegou o solicitante no seu día para o Rexistro de variedades comerciais consideraranse igualmente mostra oficial no Rexistro oficial de variedades protexidas.

**Artigo 58. *Informe técnico sobre o resultado dos ensaios de identificación.***

1. A entidade encargada da realización do ensaio de identificación da especie de que se trate elaborará, para cada variedade ensaiada, un informe en que figure unha descrición desta, de acordo co protocolo e condicións descritas nos artigos anteriores, e indicaranse as súas diferenzas con variedades próximas e un resumo de todos os feitos sobre os que se fundamenta o sentido positivo ou negativo do seu informe.

2. Este informe será remitido ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nun prazo non superior a un mes, contado desde a conclusión do exame técnico, salvo causas especiais debidamente xustificadas, en que este prazo se poderá ampliar a un máximo de seis meses.

3. Cando os ensaios de identificación que se van ter en conta para determinar se a variedade é distinta, homoxénea e estable sexan os realizados polo obtentor, os prazos previstos serán:

a) Se o ensaio foi realizado e a variedade descrita antes da data de presentación da súa incorporación ao expediente deberase efectuar en calquera momento do procedemento e, en todo caso, antes de que a denominación se comprobese que é adecuada; neste caso entenderase cumprido o trámite de audiencia.

b) Se o ensaio non foi realizado, na data a que se refire a alínea a), os prazos serán os sinalados no número 2.

**CAPÍTULO IV**

**Oposicións á concesión do dereito de obtentor**

**Artigo 59. *Oposicións á concesión do título de obtención vexetal.***

1. Calquera persoa que teña a condición de interesado para os efectos do disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, poderá opoñerse á concesión dun título de obtención vexetal mediante a presentación dun escrito dirixido ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Unicamente poderán formularse oposicións baseadas nalgún dos seguintes motivos:

a) O incumprimento das condicións de novidade, distinción, homoxeneidade e estabilidade.

b) O incumprimento dos requisitos relativos aos solicitantes. Porén, a oposición non se poderá fundamentar en cuestións de dominio, que se deberán formular perante os tribunais de xustiza.

c) A infracción das normas sobre denominacións varietais que se establezan neste regulamento.

3. As oposicións presentadas á inscrición dunha variedade na lista de variedades comerciais, e que ao mesmo tempo se encontre en fase de tramitación no Rexistro oficial de variedades protexidas, entenderanse presentadas neste e rexeranse polas normas establecidas neste regulamento.

**Artigo 60. *Tramitación das oposicións.***

1. A tramitación e resolución das oposicións realízase de conformidade cos principios de contradición e igualdade, seguindo as normas establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. As oposicións serán comunicadas ao solicitante, que disporá dun prazo de tres meses para facer alegacións sobre elas e precisar se ten intención de manter a súa solicitude, modificala ou retirala.

3. A contestación do solicitante será comunicada ao opositor, que disporá dun prazo dun mes para formular alegacións sobre ela e para ratificar ou retirar a súa oposición.

**Artigo 61. *Información e probas.***

1. As oposicións presentadas serán examinadas e resultas de forma separada e independente ao procedemento de concesión do título de obtención vexetal.

2. Non obstante, a Comisión de protección de obtencións vexetais poderá dilatar a resolución do procedemento de concesión do título de obtención vexetal ata cando se tome unha decisión definitiva sobre a resolución das oposicións.

3. O instrutor do procedemento, para resolver as oposicións presentadas, poderá requirir as persoas que manifestaron a oposición a achega de información e documentación adicional, así como do material vexetal necesario para proceder ao seu exame técnico.

4. As probas que se deban realizar, a pedimento dos interesados, efectuaranse pola súa conta e o seu pagamento poderá exixirse por anticipado.

5. O instrutor do procedemento de tramitación das oposicións poderá propoñer os medios de proba que coide convenientes e aceptar ou rexeitar os que propoñan os interesados mediante resolución motivada, contra a que se poderá interpoñer o recurso administrativo que corresponda.

**Artigo 62. Resolución das oposicións.**

1. O órgano instrutor do procedemento remitiralle ao órgano superior xerárquico o expediente cos documentos achegados, as probas realizadas e un informe coas conclusións.

2. Á vista dos documentos, o órgano competente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, mediante resolución, resolverá as oposicións presentadas, contra a que se poderá interpoñer recurso de alzada.

**CAPÍTULO V****Segredo da obtención e acceso á información****Artigo 63. Acceso á información de expedientes en tramitación.**

1. Os que teñan un interese lexítimo nun procedemento terán acceso aos documentos que constitúen o expediente obxecto de tramitación, así como á visita aos ensaios correspondentes ao exame técnico.

2. Sen prexuízo dos principios de contradición e igualdade, garantirase o segredo da obtención vexetal, sempre que a natureza dos intereses contrapostos o permita e con iso non se cause indefensión aos interesados.

3. Nos casos de variedades nas cales, para a produción de material, se requira o emprego repetido do material doutras, o solicitante do título de obtención vexetal correspondente poderá pedir, ao presentar a solicitude, que os documentos e os ensaios relativos a estas se manteñan co debido segredo, e aqueles non poderán ser consultados nin estes visitados, sempre que a resolución sobre a variedade principal non dependa directamente dos resultados destas e con iso non se cause indefensión aos interesados.

**Artigo 64. Acceso á información de expedientes terminados.**

1. O acceso á información dos cidadáns rexerese polas normas establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e garantirase sempre o segredo da obtención vexetal, conforme o previsto no artigo 39 deste regulamento.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación terá a obriga de conservar a documentación contida nos expedientes durante cinco anos, contados a partir da extinción do título de obtención vexetal ou da resolución do procedemento.

**CAPÍTULO VI****Resolución do procedemento****Artigo 65. Resolución.**

1. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, por proposta da Comisión de protección de obtencións vexetais, concederá o título de obtención vexetal a un solicitante cando, como resultado do exame técnico da variedade, se comprobe que cumpre con todas as condicións previstas neste regulamento.

2. A protección outorgada polo título de obtención vexetal producirá efectos con carácter retroactivo desde o momento da presentación da solicitude.

3. As ordes ministeriais polas que se conceden títulos de obtención vexetal publicaranse no «Boletín Oficial del Estado». As solicitudes de título de obtención vexetal que resulten denegadas efectuaranse por orde ministerial, que será comunicada aos interesados.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación expedirá o título de obtención vexetal nun documento oficial, en que se fará constar o titular ou propietario do título, a especie e denominación da variedade, a data de concesión e a duración da protección.

**Artigo 66. Duración do procedemento.**

1. Transcorrido o prazo máximo de duración do procedemento sen que a Administración ditase e notificase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude do título de obtención vexetal.

2. Non obstante, aínda cando transcorrese o prazo máximo de duración do procedemento e se producise o silencio administrativo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ditará resolución expresa en todos os casos, e poderá revogar o acto anterior desfavorable e conceder o título de obtención vexetal.

3. O prazo máximo de duración do procedemento será de seis meses e no seu cómputo terase en conta:

a) Que o prazo se interromperá desde a data da comunicación ao interesado prevista no artigo 53.4.

b) Que o prazo permanecerá interrompido ata que finalice o exame técnico ou a Comisión de protección de obtencións vexetais propoña non continuar os ensaios, ou se paralice o procedemento por causas imputables ao solicitante.

c) O prazo interrompido comezará a contar novamente desde a data en que se lle comunica ao interesado que queda aberto o trámite de audiencia, momento en que se terán incorporado ao expediente os resultados do exame técnico e se terá comprobado que a denominación é adecuada, de acordo co disposto no título VI.

**Artigo 67. Desistencia e renuncia.**

1. O solicitante poderá desistir da súa solicitude ou renunciar aos seus dereitos, o que motivará que a Administración declare a cancelación do procedemento.

2. A desistencia ou a renuncia efectuaranse por escrito, en que se fará constar o número de expediente, a especie e a última denominación que se presentase.

3. Cando se declare a desistencia ou a renuncia, o solicitante disporá dun prazo de tres meses para retirar o material vexetal sobrante, transcorrido o cal se procederá á súa destrución.

**TÍTULO VI****Denominación da variedade****Artigo 68. Denominacións.**

1. As denominacións das variedades deberán cumprir as disposicións contidas no Regulamento (CE) n.º 930/2000 da Comisión, do 4 de maio de 2000, polo que se establecen disposicións de aplicación referentes á adecuación das denominacións das variedades das especies de plantas agrícolas e especies hortícolas.

2. As disposicións do citado regulamento aplicaranse con carácter xeral a todos os xéneros e especies vexetais.

**Artigo 69. Presentación.**

1. A solicitude de denominación para unha variedade efectuarase por escrito, en calquera momento do procedemento, antes do trámite de audiencia, e nela indicarse se é nome de fantasía ou código, e publicarse no boletín do Rexistro oficial de variedades protexidas.

2. Cando o solicitante non indique o tipo de denominación que propón, aplicaranse as regras relativas ás denominacións de fantasía.

3. As solicitudes poderanse presentar cunha referencia do obtentor, sen proposta de denominación, proposta que se poderá realizar conforme o previsto no número 1.

#### Artigo 70. *Aprobación.*

1. Aos tres meses da súa publicación sen recibir ningunha obxección, e tras comprobar que se axusta ao previsto nos artigos anteriores, a denominación quedará aprobada provisionalmente.

2. A aprobación definitiva da denominación, que se producirá ao mesmo tempo que se conceda o dereito de obtentor, estará condicionada ao informe preceptivo da Oficina Española de Patentes e Marcas.

3. Recibida unha obxección á denominación, ou comprobado que non se axusta ao establecido neste título, requirirase o solicitante para que no prazo de 10 días propoña unha nova denominación.

4. As denominacións varietais que fosen solicitadas ou aceptadas en forma de código estarán claramente identificadas como tales nas pertinentes publicacións mediante unha nota a pé de páxina, coa seguinte explicación: «Denominación varietal solicitada ou aceptada en forma de código».

## TÍTULO VII

### Mantemento do dereito de obtentor

#### CAPÍTULO I

##### Mantemento das características varietais

#### Artigo 71. *Verificación da variedade.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá comprobar, mediante ensaios específicos, se as variedades obxecto do título de obtención vexetal permanecen inalterables cando:

a) Existan indicios de que algunha variedade perdeu as súas características iniciais, ou non é homoxénea ou estable.

b) Exista denuncia dalgún particular.

2. As comunidades autónomas, no exercicio das súas funcións executivas sobre control, certificación e comercio de sementes e plantas de viveiro, poderán comprobar se as variedades protexidas permanecen inalterables cando:

a) Sexa consecuencia de normal desempeño das súas funcións sobre conservación de variedades, inspección de campos, certificación ou outras.

b) Exista denuncia dalgún particular.

3. Cando existan indicios de que a variedade non está sendo mantida adecuadamente polo titular do título de obtención vexetal, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou, se é o caso, a comunidade autónoma competente ordenarán un control do mantemento da variedade e establecerán as súas modalidades, mediante ensaios de campo ou outros ensaios nos cales o material subministrado polo titular será comparado coa descrición ou a mostra oficial da variedade.

4. Cando deste control se desprenda que o titular non mantivo as condicións da variedade, será advertido diso e procederase conforme o previsto no capítulo II deste título.

5. Naqueles casos en que se comprobe que a variedade non é homoxénea ou estable, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá decidir a extinción do dereito, logo de audiencia do interesado e, se é o caso, tras o informe dos servizos correspondentes das comunidades autónomas que efectuaron os controis pertinentes.

## CAPÍTULO II

### Procedemento

#### Artigo 72. *Procedemento de comprobación.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou os servizos competentes das comunidades autónomas iniciarán un expediente de comprobación e verificación das características varietais cando se dean as circunstancias a que se refire o artigo 71 ou o titular do dereito, nos prazos previstos, non presente a información, documentos ou material a que se refiren os artigos 50 e 51 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro.

2. Procederase á realización do exame técnico correspondente, sempre que dos materiais existentes da variedade non se deduxa inequivocamente a perda das condicións que deron orixe á concesión do dereito.

3. O exame técnico deberá ser realizado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo coas seguintes especificacións:

a) Deberase sementar o material que se desexe comprobar xunto á mostra oficial.

b) Os caracteres que se van observar, os niveis de expresión, as condicións do cultivo e demais condicións técnicas deberán gardar a maior uniformidade co ensaio orixinal.

4. A resolución dos procedementos requirirá, en todo caso, informe preceptivo da autoridade responsable dos ensaios de identificación.

#### Artigo 73. *Procedemento de extinción.*

1. Cando o procedemento de comprobación poña de manifesto a perda das condicións que deron orixe á concesión do título de obtención vexetal, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación incoará un procedemento de extinción do dereito de obtentor.

2. Cando o procedemento de comprobación fose incoado por unha comunidade autónoma, remitiranse os expedientes completos ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cun informe final do instrutor do procedemento, informe que será preceptivo e non vinculante.

3. O procedemento iniciarase de oficio e daráselle traslado ao titular do título de obtención vexetal dos feitos, probas, ensaios, de calquera outro documento e da resolución do procedemento de comprobación.

4. O titular do dereito poderá alegar e presentar, no prazo dun mes, cantas probas, feitos ou documentos poidan demostrar que a variedade se segue conservando coas súas características orixinais e que non é responsable dos feitos que deron lugar ao expediente de comprobación.

5. A Comisión de protección de obtencións vexetais propoñalle, se é o caso, ao ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación a extinción do dereito do obtentor ou as medidas correctoras necesarias e os prazos correspondentes para facelas efectivas, e comunicarlles ás comunidades autónomas, cando estas incoasen o procedemento de comprobación, a resolución definitiva.

6. Cando a resolución consista na extinción do dereito, tomará a forma de orde ministerial e publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

## ANEXO I

**Cantidades, datas e lugares de entrega do material vexetal necesario para a realización dos ensaios de identificación de especies para as que, no momento da entrada en vigor da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, se encontraba aberta a protección**

Especies	Data límite de presentación de solicitudes	Material necesario para os ensaios	Data límite de entrega do material	Observacións
<b>CEREAIS</b>				
Trigo de inverno	1 de agosto	5 kg de sementes e 240 espigas	1 de setembro	Cantidades por entregar só o primeiro ano.
Trigo de primavera	15 de agosto		(1)	
Orxo de inverno	1 de agosto	5 kg de sementes e 240 espigas	1 de setembro	Semente sen tratar.
Orxo de primavera	15 de agosto		(1)	
Avea de inverno	1 de agosto	5 kg de sementes e 240 espigas	1 de setembro	Para variedades híbridas será necesaria a entrega dos seus compoñentes hereditarios, indicando a súa orixe
Avea de primavera	15 de agosto		(1)	
Triticale	1 de agosto	5 kg de sementes e 240 espigas	1 de setembro	
Arroz	1 de xaneiro	3 kg de sementes e 150 paniculas	1 de setembro	
Millo	1 de xaneiro	Compoñentes hereditarios (liñas puras e híbridos simples fundacionais): 5.000 sementes Híbridos comerciais e variedades de polinización libre: 5.000 sementes	1 de febreiro	
<b>FORRAXEIRAS, PRATENSES, CESPITOSAS, LEGUMINOSAS DE GRAN</b>				
Alfalfa	31 de decembro	1 kg de semente	20 de xaneiro	
Chicharro (partim)	15 de agosto	6 kg de sementes	1 de setembro	Cantidades por entregar só o primeiro ano.
Faba (partim)	1 de agosto		(1)	
Ray-grass	1 de xuño	1 kg de sementes	1 de xullo	Semente sen tratar.
Trevo	1 de xullo	(1)	1 de agosto	
Ervela común	1 de agosto	5 kg de sementes	1 de setembro	
<b>HORTÍCOLAS</b>				
Chicharro (partim)	15 de agosto	5 kg de sementes	1 de setembro	Cantidades por entregar só o primeiro ano.
Faba (partim)	1 de agosto	(1)		
Feixón verde	1 de febreiro	6 kg de sementes	1 de marzo	Semente sen tratar.
Leituga	1 de xuño e 1 de novembro	70 g	1 de xullo e 1 de decembro	
Lentella	1 de agosto	5 kg de sementes	1 de setembro	
Melón	1 de xuño e 1 de novembro	150 g de sementes	1 de xullo e 1 de decembro	
Sandía	1 de novembro		(1)	

Especies	Data límite de presentación de solicitudes	Material necesario para os ensaios	Data límite de entrega do material	Observacións
<b>INDUSTRIAIS</b>				
Algodón	1 de xaneiro	5 kg de semente (1)	15 de febreiro	
Colza	1 de agosto	Compoñentes hereditarios (liñas puras, polinizadoras e híbridos simples fundacionais): 300 g. (1) Variedades comerciais híbridas e non híbridas: 1 kg de semente e 50 plantas debulladas sen tratar cun mínimo de 200 sementes por planta, en bolsas separadas para cada unha.	15 de agosto	Cantidades por entregar só o primeiro ano. Semente sen tratar.
Xirasol	1 de decembro	Compoñentes hereditarios (híbridos simples fundacionais e liñas puras androestéril (A) e restaurador (R): 500 g sementes Liña pura B (mantedora da fertilidade): 300 g sementes Híbridos comerciais e variedades de fecundación libre: 2 kg de sementes (1)	1 de xaneiro	Para variedades híbridas ou unha asociación, será necesaria a entrega dos seus compoñentes hereditarios.
Soia	1 de xaneiro	5 kg de semente (1)	1 de febreiro	
Pataca	1 de xaneiro	220 tubérculos de 35 a 50 mm de calibre. (2)	20 de outubro	Cantidades por entregar todos os anos.
<b>ROSEIRA E CARAVEL</b>				
Roseira	1 de decembro	6 plantas. (3)	1 de xaneiro	Entrega só o primeiro ano.
Caravel	15 de marzo	50 esgallos enraizados. (3)	15 de abril	Entrega anualmente.
<b>FROITEIRAS</b>				
Amendoeira				
Melocotoeiro, nectarina (variedades medias e tardías)	1 de decembro	9 plantas enxertadas dun ano sobre patrón clonal GF677. (9)	10 de xaneiro ao 10 de febreiro	
Melocotoeiro, nectarina (variedades temperás)	1 de novembro	9 plantas enxertadas dun ano sobre patrón clonal GF677. (5)	1 de decembro a 31 de xaneiro	Os protocolos fixados pola Oficina Española de Variedades Vexetais, conforme o establecido no anexo V, para os ensaios DHE destas especies, establecerá as condicións de todo tipo que debe cumprir o material vexetal.
Híbrido de amendoeira x melocotoeiro	1 de decembro	15 esgallos enraizados. (10)	10 de xaneiro ao 15 de febreiro	
Cítricos (todas as especies)	15 de abril	Catro varelas de 6 a 10 mm de diámetro dun ano de idade con polo menos 20 xemas útiles. Variedades para patrón: poderán requirirse, ademais, estacas enraizadas ou sementes poliendrínicas. (5)	15 de maio ao 30 de xuño	
Amorodo	10 de setembro	40 plantas frescas. (6)	Do 10 ao 25 de outubro	



## ANEXO II

**Cantidades, datas e lugares de entrega do material vexetal necesario para a realización dos ensaios de identificación de especies que ten aberta a correspondente lista de variedades comerciais**

Especies	Data límite de presentación de solicitudes	Material necesario para os ensaios	Data límite de entrega do material	Observacións
<b>CEREAIS</b>				
Centeo	1 de agosto	5 kg de sementes	1 de setembro	Entrega só o primeiro ano.
Sorgo				Semente sen tratar.
Pasto do Sudán	1 de xaneiro	Compoñentes hereditarios (liñas puras e híbridos simples fundacionais): 1 kg de sementes Híbridos comerciais e variedades de polinización libre: 3 kg de sementes	1 de febreiro	Para variedades híbridas será necesaria a entrega dos seus compoñentes hereditarios, indicándose a súa orixe.
Híbrido de sorgo x pasto do Sudán				
<b>FORRAXEIRAS, PRATENSES, CESPITOSAS, LEGUMINOSAS DE GRAN</b>				
Agrostis estolonifera: <i>Agrostis stolonifera</i> L.				
Agrostis tenue: <i>Agrostis capillaris</i> L.				
Grama de Bermudas: <i>Cynodon dactylon</i> (L.)				
Dactilo: <i>Dactylis glomerata</i> L.				
Festuca alta: <i>Festuca arundinacea</i> Schreber				
Festuca pratense: <i>Festuca pratensis</i> Hudson				
Festuca vermella: <i>Festuca rubra</i> L.				
Poa dos prados: <i>Poa pratensis</i> L.				
Tremoceiro amarelo: <i>Lupinus luteus</i> L.				
Tremoceiro azul: <i>Lupinus angustifolius</i> L.				
Tremoceiro branco: <i>Lupinus albus</i> L.				
Veza: <i>Vicia ervilia</i> (L.) Willd.				
Garavanzo: <i>Cicer arietinum</i> L. (partim)				
Veza pilosa: <i>Vicia villosa</i> Roth				
Esparceia: <i>Onobrychis viciifolia</i> Scop				
Zulla: <i>Hedysarum coronarium</i> L.				
	1 de xuño	1 kg de sementes	1 de xullo	
				Entrega só o primeiro ano.
	1 de agosto	5 kg de sementes	1 de setembro	
		2 kg de sementes		

Especies	Data límite de presentación de solicitudes	Material necesario para os ensaios	Data límite de entrega do material	Observacións
<b>ESPECIES HORTICOLAS</b>				
Acelga: <i>Beta vulgaris</i> L. var. <i>vulgaris</i>	1 de marzo	200 g	1 de abril	
Allo: <i>Allium sativum</i> L.	1 de setembro	Primeiro ano: 75 cabezas. Segundo ano: 5 cabezas e 75 dentes.	1 de outubro	
Alcachofa: <i>Cynara scolymus</i> L.	1 de maio	120 estacas enraizadas ou 60 g de sementes	1 de xuño	
Apio: <i>Apium graveolens</i> L.	1 de marzo	15 g	1 de abril	
Berenxena: <i>Solanum melongena</i> L.	1 de xuño e 1 de novembro	20 g	1 de xullo e 1 de decembro	
Borraxe: <i>Borrago officinalis</i> L.		250 g		
Brócoli: <i>Brassica oleracea</i> L. convar. <i>botrytis</i> <i>Alef.</i> var. <i>cymosa</i> Dush.	1 de marzo	60 g	1 de abril	
Cabaza: <i>Cucúrbita máxima</i> Duch.				
Cabaza de peregrino: <i>Lagenaria siceraria</i>	1 de xuño e	800 g de sementes	1 de xullo e	
Cabaza moscada: <i>Cucúrbita moschata</i> Dus.	1 de novembro		1 de decembro	
Cabaciña: <i>Cucúrbita pepo</i> L.		600 g de sementes		
Cardo: <i>Cynara cardunculus</i> L.	1 de marzo	100 g	1 de abril	
Cebola: <i>Allium cepa</i> L.	1 de xuño e 1 de novembro	100 g	1 de xullo e 1 de decembro	
Cebolo: <i>Allium schoenoprasum</i>	1 de xuño	100 g	1 de xullo	
Charouvia: <i>Pastinaca sativa</i> L.	1 de novembro	50 g	1 de decembro	
Col de Bruxelas: <i>Brassica oleracea</i> L. convar. <i>oleracea</i> var. <i>gemmifera</i> DC.				
Col de Milán: <i>Brassica oleracea</i> L. convar. <i>capitata</i> (L.) Alef. var. <i>botrytis</i> L.				
Coliflor: <i>Brassica oleracea</i> L. convar. <i>botrytis</i> (L.) Alef. var. <i>botrytis</i> L.				
Nabicol: <i>Brassica napus</i> L. var. <i>napobrassica</i> (L.) Reich.		60 g	(1)	
Colinabos: <i>Brassica oleracea</i> L. convar. <i>acephala</i> (DC) Alef. var. <i>gongyloides</i> L.	1 de marzo		1 de abril	
Col repolo chinés: <i>Brassica pekinensis</i> Rupr.				
Col forraxeira ou verza: <i>Brassica oleracea</i> L. convar. <i>acephala</i> (DC) Alef. var. <i>sabellica</i> L.				
Chicoria industrial: <i>Cichorium intybus</i> L.		100 g	(1)	
Endivia e chicoria silvestre: <i>Cichorium intybus</i> L. ( <i>partim</i> )		Endivia 60 g. Chicoria silvestre 100 g.	(1)	
Escarola: <i>Cichorium endivia</i> L.		50 g	(1)	

Salvo no caso do allo, o material deberase entregar só o primeiro ano.

Especies	Data límite de presentación de solicitudes	Material necesario para os ensaios	Data límite de entrega do material	Observacións
<b>ESPECIES HORTÍCOLAS (continuación)</b>				
Espárrago: <i>Asparagus officinalis</i> L.	1 de xaneiro	- 250 g de sementes e 120 garras	(1) 1 de febreiro	
Espinaca: <i>Spinacia oleracea</i> L.	1 de abril	- 300 g	(1)	
Fiúncho: <i>Foeniculum vulgare millar</i>	1 de marzo	- 50 g	(1) 1 de abril	
Feixón escarlata: <i>Phaseolus coccineus</i> L.	1 de febreiro	- 6 kg	(1) 1 de marzo	
Lombarda: <i>Brassica oleracea</i> L. <i>convar. capitata</i> (L.) Alef. <i>var. rubra</i> DC.	1 de marzo	60 g	(1) 1 de abril	
Nabo: <i>Brassica rapa</i> L. <i>var. Rapa</i>	1 de abril	300 g	(1) 1 de maio	
Cogombro: <i>Cucumis sativus</i> L.	1 de xuño e 1 de novembro	70 g	(1) 1 de xullo e 1 de decembro	
Perexil: <i>Petroselinum crispum</i> (Miller)	1 de abril	25 g	(1) 1 de maio	
Cerrefolío: <i>Anthriscum cerefolium</i> (L.) Hoffm.	1 de xuño	50 g	(1) 1 de xullo	
Pemento: <i>Capsicum annuum</i> L.	1 de xuño e 1 de novembro	45 g	(1) 1 de xullo e 1 de decembro	
Porro: <i>Allium porrum</i> L.	1 de novembro	50 g	(1) 1 de decembro	
Ravo e ravanete: <i>Raphanus sativus</i> L.		150 g	(1)	
Remolacha de mesa: <i>Beta vulgaris</i> L. <i>var. conditiva</i> Alef.		200 g	(1)	
Repolo: <i>Brassica oleracea</i> L. <i>convar capitata</i> (L.) Alef. <i>var. alba</i> DC.	1 de marzo	60 g	(1) 1 de abril	
Barba cabreira branca: <i>Tragopogon porrifolium</i> L.		50 g	(1)	
Barba cabreira negra: <i>Scorzonera hispánica</i> L.				
Tomate: <i>Lycopersicon lycopersicum</i> (L.)	1 de xuño e 1 de novembro	20 g	(1) 1 de xullo e 1 de decembro	
Cenoria: <i>Daucus carota</i> L.	1 de marzo	50 g	(1) 1 de abril	
<b>INDUSTRIAIS</b>				
Cártamo	1 de decembro	1 kg de sementes	(1) 1 de xaneiro	Entrega só o primeiro ano.
Liño		3 kg de sementes	(1)	Semente sen tratar.
Cánab	1 de febreiro	1 kg de sementes	(1) 1 de marzo	
Dormideira	1 de agosto	100 g de sementes	(1) 1 de setembro	

O material deberase entregar só o primeiro ano.

Entrega só o primeiro ano.  
Semente sen tratar.

Especies	Data límite de presentación de solicitudes	Material necesario para os ensaios	Data límite de entrega do material	Observacións
<b>ESPECIES FROITEIRAS</b>				
Marmeleiro		9 plantas enxertadas dun ano sobre patrón clonal GF677. (4)		
Cerdeira		9 plantas enxertadas dun ano sobre patrón SANTA LUCIA. 64 (4)	10 de xaneiro a 10 de febreiro	
Pereira	1 de decembro	Variedades obtidas por cruzamento: 9 plantas enxertadas dun ano sobre patrón BA 29 e sobre enxerto sobre MANTECOSA HARDY, se é necesario. Variedades obtidas por mutación: 15 plantas nas mesmas condicións que o caso anterior. (4)		
Maceira		Variedades obtidas por cruzamento: 10 plantas enxertadas dun ano sobre patrón clonal M9. Variedades obtidas por mutación: 15 plantas enxertadas dun ano sobre patrón clonal M. (10)	10 de xaneiro ao 28 de febreiro	
Ameixeira europea		10 plantas enxertadas dun ano sobre patrón SAN JULIÁN A. (10)		
Ameixeira xaponesa	1 de novembro	9 plantas enxertadas dun ano sobre patrón MA-RIANA 26-24. (5)	1 de decembro ao 1 de xaneiro	Os protocolos fixados pola Oficina Española de Variedades Vexetais, conforme o establecido no anexo V, para os ensaios DHE destas especies, establecerán as condicións de todo tipo que debe cumprir o material vexetal.
Patróns do xénero prunus	1 de decembro	15 esgallos enraizados. (10)	10 de xaneiro 15 de febreiro	
Albaricoqueiro	1 de novembro	9 árbores enxertadas dun ano sobre patrón ADE-SOTO 101. (5)	1 de decembro a 31 de xaneiro	
Oliveira	1 de xaneiro	8 plantas autoenraizadas dun ano. (8)	1 de outubro a 30 de marzo	
Vide	1 de decembro	Patróns: 25 barbados. Variedades viníferas ou de mesa: 25 plantas enxertadas sobre patrón 110 RICHTER. (7)	10 de xaneiro a 10 de febreiro	
Nogueira	15 de xaneiro	5 varetas de 40 cm de madeira do ano ben lignificadas, tomas dos dous primeiros terzos da rama do ano, ou 8 plantas enxertadas dun ano sobre patrón híbrido MJ 209 x RA. (11)	15 de febreiro ao 15 de marzo	
Abeleira	1 de decembro	8 plantas autoenraizadas dun ano. (11)	Do 1 ao 31 de xaneiro	

## ANEXO III

**Enderezos para a entrega do material vexetal a que fan referencia os anexos I e II en función da especie de que se trate**

REFERENCIA	ENDEREZO
1	INSTITUTO NACIONAL DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA AGRARIA E ALIMENTARIA (INIA) Avda. Padre Huidobro, s/n Estrada da Coruña, km 7,500 28023-MADRID
2	CENTRO DE CONTROL DE PATACA DA SEMENTE DE CASTILLA Y LEÓN Estrada Riocabia, s/n 09239-ALBILLOS (BURGOS)
3	INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA AGROALIMENTARIA (IRTA) Estrada de Cambrils, s/n 08348-CAMBRILS (BARCELONA)
4	CENTRO DE SEMENTES E PLANTAS DE VIVEIRO DE ARAGÓN Avda. de Montañana, 1005 50016-ZARAGOZA
5	INSTITUTO VALENCIANO DE INVESTIGACIÓN AGRARIAS Estrada de Moncada a Náquera, km 4'500 46113-MONCADA (VALENCIA)
6	CENTRO DE INVESTIGACIÓN E FOMENTO AGROALIMENTARIO (CIFA) Centro Experimental El Rebollar Estrada de Moguer a El Rocío, km 4,500 21800-MOGUER (HUELVA)
7	CENTRO DE ENSAIOS DE VARIEDADES INSTITUTO NACIONAL DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA AGRARIA E ALIMENTARIA (INIA) R/ Maior, s/n 31150-LA ALBERCA (MURCIA)
8	DEPARTAMENTO DE AGRONOMÍA Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Agrónomos e de Montes UNIVERSIDADE DE CÓRDOBA Avda. Menéndez Pidal, s/n 14009-CÓRDOBA
9	CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA AGROALIMENTARIA (CITA) Avda. de Montañana, 930 50016-ZARAGOZA
10	CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICAS Estación Experimental Aula Dei Avda. de Montañana, 1005 50016ZARAGOZA
11	CENTRO EXPERIMENTAL MAS BOVÉ (IRTA) Estrada Reus – El Morell, km 4,500 43120- CONSTANTÍ (TARRAGONA)

## ANEXO IV

**Protocolos que se deben utilizar nos ensaios de identificación; lugares e condicións de entrega do material vexetal en función da especie de que se trate**

Caracteres tomados na identificación e condicións do cultivo da leituga, millo, trigo brando, feixón, tomate, porro, coles e coliflor	Caracteres tomados na identificación e condicións do cultivo das demais especies comprendidas nos anexos I e II	Lugares e condicións de entrega do material vexetal
<p>Os caracteres que servirán para determinar o carácter da distinción, a homoxeneidade e a estabilidade nestas especies serán, polo menos, os fixados polo "Protocolo para as probas sobre o carácter distintivo, a homoxeneidade e a estabilidade", dadas polo consello de administración da Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais, publicadas no seu boletín oficial.</p> <p>Preveranse todos os caracteres, sempre e cando a expresión dalgún deles non impida a observación doutro, ou as condicións ambientais en que se efectúe o ensaio non impidan a expresión dalgúns deles.</p> <p>Os requisitos mínimos en relación co deseño da proba e as condicións de cultivo, para realizar os exames fixados nas directrices do protocolo citado, deberanse cumprir no momento da realización dos exames.</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Para as demais especies utilizarase, no ensaio de identificación das variedades o protocolo relativo aos caracteres e ás condicións de cultivo aprobado pola Comisión de protección de obtencións vexetais tendo en conta os estudos dos comités de expertos da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais, da Unión Europea e doutras organizacións ou autoridades, nacionais e internacionais, que realicen tarefas similares.</li> <li>2. As especies incluídas nos anexos I e II, para as que a Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais fixe o correspondente protocolo para determinar o carácter da distinción, a homoxeneidade e a estabilidade, pasarán a rexerse polas súas regras, e non será de aplicación para elas o establecido no parágrafo anterior no que se opoña ao seu contido, nin as normas contidas neste real decreto relativas á duración dos ensaios ou aquelas outras que resulten modificadas por aquel.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Cando se trate de especies non previstas nos anexos I e II, ou que si estean previstas neses anexos pero non conteñan referencia ao enderezo de entrega, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación incluírá, entre os documentos que integran o modelo de solicitude, o relativo aos enderezos en que se deba entregar o material vexetal.</li> <li>2. O material vexetal necesario para a realización dos ensaios deberase remitir coa información sobre os tratamentos e os produtos empregados neles, así como o pictograma relativo á súa toxicidade, para que se poidan tomar todas as precaucións necesarias para a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo, que prevé a lexislación específica.</li> <li>3. Cando o material vexetal proceda de mostras tomadas como consecuencia de procesos xudiciais, ensaios de calidade por petición de terceiros ou controis do mantemento das características varietais, e non se coñezan os produtos empregados e o seu nivel de toxicidade, procederáse como se se tratase de axentes biolóxicos de máximo risco, e deberanse tomar todas as precaucións establecidas na lexislación específica.</li> </ol>